

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORES DE RISGA, AXUDA CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN POLA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e á xornada parcial do 75 por 100, de 2 traballadores desempregados en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA, para os seguintes postos de traballo:

POSTOS	OBRA/SERVIZO	DURACIÓN	XORNADA
2 Peóns de obras	Mantemento De Zonas E Espazos Públicos E Reparación De Vías	9 Meses	75%

O sistema de selección dos traballadores levarase a cabo da forma prevista no artigo 13 da devandita Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG N° 17 de 24-01-2024), polo que se formulará a correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia específica do Programa de contratación de beneficiarios/as da Risga. Non se requirirá polo tanto a presentación de instancias.

O concello dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección mediante o correspondente anuncio no Taboleiro municipal de edictos, Taboleiro da sede electrónica do concello <https://begonte.sedelectronica.es/info.0> e na súa páxina web. (<http://www.concellodebegonte.es>).

1.1. FUNCIONES.

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscritos á Brigada municipal de Obras e Servizos, e desenvolverán as súas tarefas no ámbito do mantemento de zonas e espazos públicos e de reparación de vías.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección :

- Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no Estatuto Básico do Empregado Público. (Lei 7/2007, de 12 de abril).
- Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.





- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder , no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- f) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego correspondente do SPEG.
- g) Ser perceptores do RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- h) Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado , nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE:

A documentación poderá achegarse o día da selección ou con anterioridade a data indicada na carta enviada polo SPEG, convocándoo para a selección, nas oficinas municipais, e en todo caso con carácter previo á realización no seu caso da correspondente proba, é a seguinte:

- a) Copia autenticada do D.N.I.(obrigatoria).
- b) Copia autenticada da Tarxeta demandante de emprego (obrigatoria)
- c) Documentación autenticada que acredite os méritos alegados, para a súa valoración (opcional).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

4.- TRIBUNAL E DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de



suplentes. A Tribunal de Selección estará integrada polos seguintes membros: 1 Presidente, 1 Secretario e 3 Vogais todos eles funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública. Por cada titular designarase un suplente. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario, e ademais deberá contar polo menos coa metade dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2.015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/) e na súa páxina web (<http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>) así como o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar o comezo das proba práctica.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN

O sistema de selección dos traballadores será o de concurso-oposición. Na fase de **concurso** valorarase a experiencia profesional e o coñecemento do galego. A fase da **oposición**, consistirá na realización dunha proba práctica a escoller polo Tribunal e relacionada coas labores ou tarefas a desenvolver.

5.1 Fase de Oposición máximo 6,00 puntos: Terá carácter previo á fase de concurso e consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas designadas polo Tribunal e relacionadas coas funcións do posto de traballo. O tribunal valorará a destreza, así como a rapidez e correcta execución da proba.

A celebración da proba práctica, terá lugar na data anunciado previamente no taboleiro de anuncios do concello, e na páxina web, así como o nomeamento dos membros do tribunal de selección. Os aspirantes deberán ir provistos do



D.N.I ou, no seu defecto, calquera outra que permita identificalo (pasaporte, carné de conducir).

A proba práctica a desenvolver polos aspirantes aos postos de traballo de peóns de obras valorarase ata un máximo de 6,00 puntos. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será preciso obter unha puntuación mínima de 3,00 puntos para poder superalo, tempo máximo de execución o establecido polo tribunal.

5.2 Fase de concurso máximo 4,00 puntos: O Tribunal avaliará os méritos alegados e acreditados polos aspirantes, de acordo co seguinte baremo:

1)- EXPERIENCIA PROFESIONAL: máximo 3,00 puntos.

Servizos prestados como traballador/a nunha Administración Pública, en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,25 puntos/mes completo ata un máximo de 3,00 puntos.

Para acreditar estes servizos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración Pública de que se trate (agás aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Begonte, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este

parágrafo), onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta e cometido funcional ou contrato de traballo suscrito para o efecto, e en todo caso informe de vida laboral.

De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0,00 puntos.

2) Coñecemento do Galego: Máximo 1,00 Puntos

Computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so aos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto da correspondente homologación:

- 2.a) Celga 1/equivalente: 0,25 puntos.
- 2.b) Celga 2/equivalente: 0,50 puntos.
- 2.c) Celga 3/equivalente: 0,75 puntos.
- 2.d) Celga 4/equivalente: 1,00 puntos.

6.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de concurso e de oposición.

En caso de empate na puntuación, terá preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición, despois na fase de concurso a experiencia profesional, coñecemento do galego, por último terase en conta a



antigüidade como inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante non ocupadas, antigüidade como perceptora da Risga. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará os resultados pola orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión dos postos.

Concederase un prazo de 2 días hábiles, a contar desde a publicación para a presentación de reclamacións.

Non obstante, para o caso de que se produza a renuncia dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de tres días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- b) O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.
- c) Fotocopia da tarxeta da seguridade social e certificación do número de conta bancaria.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.



8.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal a tempo parcial, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable e nomeadamente o sinalado na Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG Nº 17 de 24-01-2024).

En caso de renuncia ou non aportar a documentación esixida para a xustificación das condicións dos aspirantes dentro do prazo fixado no punto 7 destas bases, seguirase para a contratación a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

9.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024. (DOG Nº 17 de 24-01-2024).
- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



9.- RÉXIME DE RECURSOS .-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como das actuacións do Tribunal de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).

En Begonte

O Alcalde.

